



Un Nadal diferente  
no colexio da Maía



Comezamos o mes de decembro poñéndonos en movemento para adecuar o colexio a estas datas. Son unhas festas que os nenos disfrutan moito, polo que nós, como entidade educativa, quixemos aproveitar para poñer o noso grao de area para que tamén aquí notasen **A MAXIA DO NADAL**.



Menos de diferentes cursos colocaron a Árbore e adornaron as cristaleiras con traballos feitos por eles.





Tendo como base o libro "UN AGASALLO DIFERENTE" vimos todo o que se podía facer cun anaco de tea e unha entre moitas era facer **GRILANDAS** para o Nadal e adornar os corredores tanto de infantil e primaria.



Un dos obxectivos desta actividade foi que, aportando todos uns anacos de tea, que tiñamos na casa, podíase **ADORNAR SEN CONSUMIR**, reciclando. Uns fixeron nós e outros colgaron as teas empregando pinzas e así tódolos nenos participaron e sentíronse representados nas grilandas. Tanto en Educación Infantil como en Primaria quedaron preciosas.











En colaboración co equipo da Biblioteca puéronse ler contos no espazo da "BIBLIONADAL": unha zona do cole adaptada para isto, cun ceo estrelado e acompañando a lectura con música de Bach. Había libros con ilustracións e historias moi bonitas e fáciles de ler







En coordinación co Departamento de **LINGUA INGLESA** fixemos amadrinamentos de contos neste idioma por nenas de 4º de Primaria.







Dende o Ceip A Maía  
queremos dar as GRAZAS  
as familias pola apartación  
para adornar o colexio cos  
anacos de tela xa que así  
vós estabades tamén  
representados nos corredores.

